



Título: *Instrumentos de percusión. Ritmo y Técnica. Nivel A*
Autor: Fernando Santos Hernández
Editorial: O autor, A Coruña, 1993
Núm páxinas: 40
Tamaño: 29,7 x 21 cm.

Pode observarse como, ó longo da historia da música, os instrumentos musicais están nun constante desenvolvemento e evolución. Algunxs coma o violín teñen a súa época de máximo esplendor no século XVIII, mentres que outros coma o piano acadan a súa hexemonía no XIX. Curiosamente a familia da percusión, que poida que sexa o máis antigo dos grupos de instrumentos existentes, atopará no século XIX un merecido lugar de privilexio fronte a outras familias instrumentais. Débese a isto, por unha banda, a considerable evolución técnica e mecánica dos múltiples instrumentos que forman o devandito colectivo, coa incorporación ademais de todo tipo de "obxectos musicais" que poidan producir "algún ruído", e por outra, a aparición do Jazz, que influiu non só introducindo instrumentos novos, senón tamén descubrindo moi diversas maneiras de producir sons inéditos con instrumentos habituais.

Fernando Santos, veterano instrumentista e profesor de Percusión do Conservatorio Estatal Superior de Música de A

Coruña, acaba de publicar *Instrumentos de percusión. Ritmo y Técnica. Nivel A*, que é o primeiro dunha serie de volumes dedicados ó estudio da percusión nas súas distintas etapas de aprendizaxe. É, ademais, unha obra que ten un contido de gran utilidade para a disciplina de Lingua e Musical.

Este interesante traballo componse de tres seccións temáticas. A primeira delas consta de seis fichas progresivas de oito exercicios rítmicos cada unha, coa súa oportuna explicación técnica. Cada ficha ou unidade didáctica contén ademais unha breve introducción ós distintos instrumentos de percusión, desde as baquetas á caixa, pasando polo tambor militar. Na segunda sección do libro estúdiase o "acento" rítmico como elemento diferenciador e de gran efecto, e para isto inclúe o autor oito exercicios, despois dos cales segue co comentario técnico e histórico doutros instrumentos de percusión. Na derradeira sección do libro aborda o autor o difícil problema da cuadratura rítmica. A independencia das mans, a exactitude e

comprensión rítmicas son calidades imprescindibles para o estudio da percusión, polo que é preciso un axeitado tratamiento técnico que axude a "suxetar" o alumno no "tempo" correcto. Con este fin aborda o autor oito exercicios nos que, a partir dun "obstinato", se suceden todo tipo de figuracions rítmicas. Por último, e como resumo, remata a obra con oito exercicios.

Fernando Santos, de quen son tamén os gráficos e debuxos do libro, ofrécenos un traballo sólido e de grata lectura. Así que esperámo-los seguintes volumes que completan esta obra, co mesmo vivo interese ca espertou en nós a primeira entrega.

Juan Durán